



Cenar con Diotima. Filosofía y feminidad



Anna Pagés. Herder, Barcelona 2018. 269 páxs.

Nos últimos anos multiplícanse os libros sobre feminismo, ao tempo que este toma as rúas e as conversas. *Cenar con Diotima. Filosofía y feminidad*, libro de Anna Pagés, doutora en Ciencias da Educación e profesora na Universidade Ramón Llull, encadraríase, poderíamos dicir, nesta corrente. E, con todo, o termo «feminidade» no título poñerá xa a moitas en alerta. Non é seica o emprego deste termo, «feminidade», contradictorio cun posicionamento feminista?

Así que Anna Pagés descoloca (e provoca) dende o primeiro intre. O seu libro é o que nunha primeira ollada non semella ser. A autora propónse neste libro explorar o mito da feminidade e *deconstruílo*. A feminidade é, xustamente, un mito, unha her-

danza simbólica convertida nun universal pola tradición e os filósofos, que a definen coma o «outro», o agora ausente. E este mito atravesa e conforma, conscientemente ou non, as vidas e as biografías particulares das mulleres, obrigándonos a falar dende alí. Por tanto, a feminidade non é só un mito, é tamén «*un lugar desde donde se habla: una enunciación*» (p. 20). E aquí Anna Pagés dá un chouto alén do discurso feminista habitual: quere reivindicar ese lugar de enunciación. É dicir, a *deconstrución* do mito é tamén unha exploración do que pode ser útil del, do que pode abrir novos vieiros.

Para isto a autora bota man de Diotima, esa muller que aparece no *Banquete* de Platón sen chegar a aparecer realmente.